



Asunto: INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE INGRESOS

Orzamento: ANO 2021

De conformidade co artigo 168 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, detállanse, a continuación, as bases de cálculo utilizadas para determinar as previsións de ingresos para o exercicio 2021:

Réxime xurídico de aplicación

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL), coa modificacións da Lei 27/2013, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Bases de Execución do Orzamento.

Acordo adoptado pola Comisión Europea de suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape.

Acordo do Consello de Ministros o 6 de outubro polo que se suspende os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebemento para o período 2020 e 2021 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 20 de outubro sobre a ratificación da suspensión das regras fiscais para os anos 2020-2021.



I.- BASES DE CÁLCULO

Para a determinación das previsións de ingresos, utilizáronse as seguintes informacións:

- 1.- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2019 e a recadación de cada un dos conceptos.
 - 2.- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2020.
 - 3.- A repercusión na estimación de ingresos para o ano 2021 derivada do acordo plenario de 30 de setembro de 2020.
 - 4.- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2021 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará o Servizo de Xestión Tributaria.
 - 5.- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.
 - 6.- Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos correspondentes ao IRPF, IVE, II.EE e fondo complementario de financiamento (FCF) segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda. Previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA) .
- En relación con estas achegas, a esta data o Ministerio de Fancenda non notificou as contías das mesma , polo que, a estimación faise tendo en conta as entregas a conta que se están a producir no ano 2020.
- 7.- As Subvencións de capital de outros axentes financiadores que xuntamente coa Entidade Local, cofinancian proxectos de infraestruturas.
 - 8.- Na análise das estimación realizadas, estase a ter en conta a actual conxuntura económica.
 - 9.- Os Ordenanzas Fiscais non actualizaron os tipos nin as bases dos impostos, taxas e prezos públicos, polo que a base de cálculo é a prevista para as estimacións feitas no Proxecto do ano 2020.
 - 10.- As bases utilizadas están dotadas de prudencia, de tal xeito, que se cumpra un dos obxectivos fundamentais, que a recadación do exercicio, tanto en termos de exercicio corrente como de pechados, acada a contía das estimacións de ingreso previstas no Proxecto do Orzamento. Esta técnica, posibilitou que se veña cumprindo coa estabilidade orzamentaria, que aínda estando suspendida para o ano 2021, si está previsto un índice de referencia para as Entidades Locais, quedando fixado o déficit de referencia no 0,1% do Produto Interior Bruto.

O proxecto do Orzamento de ingresos estímase nunha situación extraordinaria, onde hai unha gran incerteza do estado da economía futura, concorren pois, circunstancias que limitan a posibilidade dun proxecto de orzamento incrementalista, senón todo o contrario, as estimacións son de mantemento do rendemento das figuras impositivas, cando non, de axustes á baixa.

As variacións son de axuste técnico ou as definidas como tendencias.



II.- ANÁLISE DOS DISTINTOS CAPÍTULOS

A análise faise tendo en conta cada un dos conceptos, avaliando en cada caso as causas que orixinan a variación, aínda que as mesmas, son de tipo tendencial. Os recursos das facendas locais, ao igual que o resto do sector público, son moi sensibles ás conxunturas económicas, e agora mesmo a situación económica non é estable, consecuencia da situación, prodúcese unha situación histórica:

Acordo adoptado pola Comisión Europea de suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape.

Acordo do Consello de Ministros o 6 de outubro polo que se suspende os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebedamento para o período 2020 e 2021 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 20 de outubro sobre a ratificación da suspensión das regras fiscais para os anos 2020-2021.

A suspensión do obxectivo de cumprimento da Estabilidade Orzamentaria ten efecto no estado de gastos e no de ingresos.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Descrición	Importe
Operacións Correntes		
I	IMPOSTOS DIRECTOS	113.666.541,40 €
II	IMPOSTOS INDIRECTOS	8.975.743,44 €
III	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	40.709.477,00 €
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	84.650.720,37 €
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.811.396,00 €
Total ingresos por operacións Correntes		250.813.878,21 €
Operacións de Capital		
VI	ENAJENACIÓN DE INVERSIONS REAIS	0,00 €
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	10.931.362,21 €
Total ingresos por operacións de capital		10.931.362,21 €
Operacións financeiras		
VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	500.000,00 €
Total ingresos por operacións financeiras		500.000,00 €
TOTAL INGRESOS		262.245.240,42 €



ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE INGRESOS ANO 2020 -2021 ATENDENDO A NATUREZA ECONÓMICA

Capítulo		Importe 2020	2021	+/- vari. %
1	Impostos directos	113.296.218,00 €	113.666.541,40 €	0,33%
2	Impostos indirectos	8.708.898,82 €	8.975.743,44 €	3,06%
3	Taxas, prezos Públicos e outros ingresos	40.156.209,00 €	40.709.477,00 €	1,38%
4	Transferencias correntes	81.735.182,76 €	84.650.720,37 €	3,57%
5	Ingresos patrimoniais	2.687.000,00 €	2.811.396,00 €	4,63%
6	Enajenación de inversiones reais	0,00 €	0,00 €	0,00%
7	Transferencias de capital	18.544.923,49 €	10.931.362,21 €	-41,05%
8	Activos financeiros	646.000,00	500.000,00	-22,60%
TOTAL INGRESOS		265.774.432,07 €	262.245.240,42 €	-1,33%

Do importe total do orzamento de ingresos (262.245.240,42 €) corresponden a operacións correntes 250.813.878,21€ (capítulos I a V) e a operacións de capital, 11.431.362,21€.

CAPITULO I.- IMPOSTOS DIRECTOS

Importa este capítulo 113.666.541,40 € e representa un 43,34 % do total do orzamento.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2021 supón un **incremento do 0,33 %** respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2020.

A previsión do importe da **cesión do IRPF** regulada no artigo 112 do Texto Refundido da LRFLL ascende a 6.190.541,40 millóns de euros, supoñendo un 5,45% do total da imposición directa do Concello (Capitulo I). Supón un 2,36% do total do orzamento e un 2,47% das operacións correntes. Aumenta un 16,36% respecto da previsión do exercicio 2020. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE). As previsións para 2021 iguálanse ás cifras dos ingresos a conta realizados no presente exercicio 2020 .

As previsións do **Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana** para o ano 2020 ascenden a 68.630.000,00 euros, as previsións do **Imposto sobre Bens Inmóbles de características especiais (BICES)** , a 2.480.000 euros e as do Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Rústica , a 50.000 euros.

As previsións destas tres partidas, contempladas no seu conxunto, supoñen un 27,13% do total do orzamento e un 28,37 % das operacións correntes. Os conceptos de BICES e rústica teñen a mesma previsión que no exercicio 2020 e o concepto de urbana reduce a súa previsión nun 0,72 %.



As previsións do Imposto sobre **Vehículos de Tracción Mecánica** para o ano 2021 ascenden a 15.015.000,00 euros e representan un 5,73% do total do orzamento e un 5,99% das operacións correntes.

As previsións do Imposto sobre **Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana** para o ano 2021 ascenden a 7.400.000 euros representando un 2,82% do total do orzamento e un 2,95% das operacións correntes.

As previsións do **Imposto sobre Actividades Económicas** para o ano 2021 ascenden a 13.900.000,00 euros e representan un 5,30% do total do orzamento e un 5,54% das operacións correntes.

As previsións das tres partidas anteriores teñen idéntica contía que no exercicio 2020. Debe facerse constar, respecto da partida do IAE, que o padrón fiscal de 2021 utilizará datos de cifras de negocio de 2019 conforme dispón a normativa do imposto .

CAPITULO II.- IMPOSTOS INDIRECTOS

Importa este capítulo 8.975.743,44 e representa un 3,42% do total do orzamento e un 3,58 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2021 supón un **incremento do 3,06%** respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2020.

A previsión do importe da **cesión do IVE** regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFL ascende a 5.360.217,64 euros. Supón un 2,04 % do total do orzamento e un 2,14% das operacións correntes. Aumenta un 1,89% respecto da previsión do exercicio 2020 . Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE). As previsións para 2021 iguálanse ás cifras dos ingresos a conta realizados no presente exercicio 2020

A previsión do importe da **cesión de Impostos sobre consumos específicos** regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFL ascende a 1.614.525,60 euros. Supón un 0,62% do total do orzamento e un 0,64% das operacións correntes. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo Complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do **Imposto sobre Construción Instalacións e Obras** para o ano 2021 ascende a 2.000.000 euros e representan un 0,76% do total do orzamento e un 0,80% das operacións correntes. Incrementábase nun 11,11% respecto ao exercicio 2020 á vista das cifras da liquidación do exercicio 2019, así como da execución do presente exercicio, que arroxa nesta partida, a data 30 de setembro de 2020 un ingreso efectivo de 2.500.000 euros, polo que a estimación xa está a ter en conta os acordos adoptados sobre a bonificación porcentual deste imposto para amortecer os efectos na economía da pandemia da COVID 19 .



CAPITULO III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Importa este capítulo 40.709.477,00 € e representa un 15,52% do total do orzamento e un 16,23 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2021 **incrementábase nun 1,38%** respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2020.

As previsións da **Taxa de recollida do Lixo, comercial e vivendas** para o ano 2021 ascenden a 5.250.000 € na partida 30200 de lixo comercial e 12.100.000 € na partida 30201 de lixo vivendas. A cifra conxunta de 17.350.000 € representa un 6,62% do total do orzamento e un 6,92% das operacións correntes. As previsións para 2021 nestas dúas partidas son idénticas as de 2020.

Neste capítulo son relevantes pola súa contía os aproveitamentos especiais da vía pública, maioritariamente no subsolo, realizados por empresas explotadoras de servizos de interese xeral que tributan ao concello o **1,5% dos ingresos brutos** obtidos polas mesmas no municipio: estímase no importe de 3.340.100 € os ingresos das empresas de electricidade, gas, auga e outros así como en 1.751.000 € os ingresos procedentes das empresas de telecomunicacións. Neste último concepto de taxa de aproveitamento de dominio publico local realizado por empresas de telecomunicacións, consígnase un incremento do 25,07% respecto ao exercicio 2020, en base aos datos de liquidación do presente exercicio .


CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Importa este capítulo 84.650.720,37 € e representa un 32,28 % do total do orzamento e un 33,75% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio 2021 supón un **incremento do 3,57 %** respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2020.

A previsión da **Participación no Fondo complementario de Financiación do Estado** para o ano 2021 ascende a 69.133.672,56 € e representa un 26,36% do total do orzamento e un 27,56 % das operacións correntes. Esta partida xunto coas reseñadas anteriormente como Cesión de Tributos do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE), e as cifras que constan como previsión no presente orzamento de 2021 nestas partidas corresponden ás facilitadas pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coa CCAA e EELL . O importe desta partida incrementábase 4,13% respecto do orzamento de 2020, segundo os datos de entregas a conta 2020.

A previsión do importe da **Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma** (PICA) ascende a 6.954.576 €. Supón un 2,65% do orzamento total e un 2,77% das operacións correntes. Idéntica consignación que no orzamento de 2020.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 14:28	Páxina 6 de 8
	Expediente 69/142	CSV: 2CE88F-42EDDA-AFA843-LLU878-V9JSH1-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A previsión da achega da Deputación Provincial ascende a 1.000.000,00€, segundo o convenio asinados no presente exercicio 2019 con vixencia para 2021 en relación coa addenda sobre o plan de asfaltados.

CAPITULO V.- INGRESOS PATRIMONIAIS.

Importa este capítulo 2.811.396 €, un 4,63 % máis que no orzamento de 2020.

Representa un 1,07% do total do orzamento e un 1,12% do total de operacións correntes.

CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.

Figura unha previsión de Ingresos neste capítulo para o ano 2021 de 10.931.362,21€, supoñendo unha diminución **dun 41,05 %** respecto do exercicio 2020.

A contía anual está en función das achegas doutros axentes públicos para cofinanciamento de infraestruturas. Nesta caso, este capítulo reflicte o cofinanciamento de: Adif, e Xunta de Galicia en relación co acceso a estación do AVE e a Intermodal, o convenio con Ministerio de Fomento de cofinanciamento das obras de mellora da Avenida de Madrid, o Cofinanciamento do programa EDUSI e o cofinanciamento da Excm. Deputación de Pontevedra en relación co estadio de Balaidos.

O importe das transferencias de capital no orzamento de 2021 supón un 4,17 % do total do orzamento.

As contías reflectidas en relación con este financiamento finalista, están reflectidas nos artigos 72, 75, 76 e 79.

No subconcepto 76116 reflíctese a contía relacionada co convenio coa Deputación de Pontevedra de cofinanciamento do estado de Balaidos, por 2.940.000 €.

Nos subconceptos 79150 a 79164 figuran unha serie de proxectos con financiamento europeo por unha contía total para o concepto 791 do Fondo de desenvolvemento rexional de 1.894.745,96 €.

O Cofinanciamento da Administración do Estado e de Adif, figuran nos subconceptos 72000 e 72390, e achega da Xunta de Galicia, no subconcepto 75060.

CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS

Importa este capítulo 500.000 € e representa un 0,19% do total do orzamento e un 100% do total de operacións financeiras.



DIRECCIÓN DE INGRESOS
E
XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA

CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO
DE VIGO



Vigo, outubro de 2020

Asinan dixitalmente, A Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2020 14:28

Páxina 8 de 8

Expediente 69/142

CSV: 2CE88F-42EDDA-AFA843-LLU878-V9JSH1-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>